

PRESENTACIÓN DA MATERIA - CURSO 2023/24

I.E.S. GREGORIO
FERNÁNDEZ

MATERIA: MATEMÁTICAS II

CURSO: 2º Bacharelato

CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN

Bloque 2. Sentido da medida

- Continuidade. Límites.
- Derivadas.
- Integrais.

2ª AVALIACIÓN

Bloque 1. Sentido numérico.

- Vectores, matrices e determinantes.

Bloque 4. Sentido alxébrico.

- Modelo matemático. Sistemas de ecuacións.
- Relacións e funcións.

Bloque 3. Sentido espacial.

- Formas xeométricas de tres dimensións.
- Localización e sistemas de representación.

3ª AVALIACIÓN

Bloque 3. Sentido espacial.

- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.

Bloque 5. Sentido estocástico.

- Incerteza.
- Distribucións de probabilidade.

Bloque 6. Sentido socioafectivo. (Traballarse ao longo de todo o curso)

- Crenzas, actitudes e emocións.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Inclusión, respecto e diversidade.

OBXECTIVOS DA MATERIA

- ✓ OBX1. Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.
- ✓ OBX2. Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.
- ✓ OBX3. Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.
- ✓ OBX4. Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito da ciencia e da tecnoloxía.
- ✓ OBX5. Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.
- ✓ OBX6. Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.
- ✓ OBX7. Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.
- ✓ OBX8. Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.
- ✓ OBX9. Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.

METODOLOXÍA

Ao principio do tema ou unidade didáctica presentaranse os contidos coa axuda do libro de texto ou do material utilizado e do taboleiro, e se repararán os conceptos previos que se necesiten.

No desenvolvemento da unidade irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Ao final da unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade, para que o alumno consolide os coñecementos.

O profesor garantirá que os alumnos coñecerán a resolución correcta de todas as actividades propostas, e que poderán aclarar calquera dúbida relacionada con elas.

O desenvolvemento das clases farase de forma activa e participativa, tratando na medida do posible, de que sexan os alumnos os que expoñan a resolución das actividades, ben no taboleiro, ben mediante preguntas e respostas co profesorado.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

A cualificación de cada alumno nunha avaliación obterase a partir dos seguintes aspectos:

- **NOTA MEDIA DE PRBAS ESCRITAS:** Cada trimestre realizaranse como mínimo dúas probas de avaliación escritas. Nestas probas poderán avaliarse calquera contido traballado durante a avaliación. Calcularase a nota media ponderada tendo en conta que a última proba avaliará os contidos de toda a avaliación e ponderará o dobre que as outras.
- **NOTAS DE CLASE:** As actividades realizadas e propostas na clase (exercicios diarios, participación na clase, cooperación na construción conxunta das matemáticas, etc.) serán cualificadas.

NOTA AVALIACIÓN

- Para calcular a **nota da avaliación** teranse en conta as seguintes porcentaxes:
 - 90% a nota media ponderada das probas escritas.
 - 10% as outras notas de clase.
- No boletín de cualificación figurará a nota resultante redondeada.

- Despois de cada avaliación farase un exame de recuperación. A cualificación desta proba pasará a substituír á nota media das probas escritas, isto é, teranse en conta as notas de clase do trimestre correspondente e a nota resultante será a que se teña en conta para o cálculo da nota final.
- Aquel alumno que queira **subir a nota** dunha avaliación, poderá presentarse ao exame de recuperación da avaliación correspondente. Esta nota substituirá ao 90%. O 10% recuperarase realizando ou mellorando as tarefas correspondentes a este apartado. No correspondente ao exame teremos dous casos:
 - Se a nota nova obtida non é inferior á anterior en máis de 1,5 puntos, manterase a nota máis alta.
 - Se a nota nova é inferior á anterior en máis de 1,5 puntos, farase a nota media das dúas, da anterior e da nova.

Nota: En calquera dos dous casos, sumarase á nota de exame a nota de clase para obter a nota final do bloque correspondente.
- Antes de rematar o curso haberá un **exame final** para todos os alumnos onde se avaliarán todos os contidos impartidos ao longo do curso. **Este exame suporá o 15% da nota final**, e tamén servirá como recuperación en caso de non ter superadas unha ou varias avaliacións.

NOTA FINAL

Obterase calculando a media aritmética das tres **notas de avaliación** coa seguinte restrición: se a **nota de avaliación** dalgunha das tres avaliacións é inferior a 3 puntos, a cualificación final será como máximo 4.

A **nota final** será:

85% da nota media das notas de avaliacións

15% da nota do exame final

Este procedemento será aplicado sempre e cando o alumno teña aprobada a materia do curso anterior (Matemáticas I). En caso contrario a cualificación final será como máximo 4.

- Haberá unha **convocatoria extraordinaria** para o alumnado que non teña superado a materia na avaliación ordinaria. Esta convocatoria será unha proba escrita onde se avaliarán **TODOS** os contidos do curso. A nota desta convocatoria será a nota da proba escrita.
- Para a titulación dos alumnos aplicaranse os criterios establecidos pola lexislación vixente.

En Sarria, a 11 de setembro de 2023,

A profesora

Asdo: Ana Torres Campo